



A incorporación ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), supuxo cambios importantes no que respecta ás empresas autorizadas no ámbito da seguridade industrial (instaladoras, mantedoras, reparadoras, conservadoras, etc.)

A continuación expóñense de forma resumida as novidades máis significativas:

EMPRESAS AUTORIZADAS / DECLARACIÓN RESPONSABLE

Con carácter xeral, a figura da empresa autorizada desaparece e é substituída pola figura da declaración responsable, salvo para as especialidades seguintes:

- Empresas instaladoras de fontanería.
- Documento de cualificación empresarial (DCE) no sector da construción.
- Documento de cualificación empresarial (DCE) nos sectores da madeira e a cortiza.

Para estas tres especialidades, a autorización desaparece e non é substituída por outro documento, é dicir, desaparecen completamente as empresas instaladoras de fontanería, o DCE de construción e o DCE de madeira e cortiza.

Para as especialidades restantes, a autorización é substituída pola declaración responsable.

¿Que acontece coas empresas que xa estaban autorizadas en especialidades que non desaparecen?

No momento en que caduque a súa autorización, en vez de renovar esa autorización o que deben facer é presentar a declaración responsable.

¿Que é a declaración responsable?

É un documento no que declaramos, baixo a nosa responsabilidade, que cumprimos con todos os requisitos, tanto materiais coma humanos, que establece o regulamento correspondente.

Como **exemplo**, imos revisar a declaración responsable para as **empresas instaladoras de baixa tensión**:

Está regulada no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión (BOE núm. 224, do 18/09/2002).



5. Habilitación de empresas instaladoras de Baixa Tensión.

5.1 Antes de comezar as súas actividades como empresas instaladoras en baixa tensión, as persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma na que se establezan unha **declaración responsable** na que o titular da empresa ou o representante legal desta declare para que categoría, e se é o caso, modalidade, vai desempeñar a actividade, que **cumpre os requisitos que se esixen por esta Instrución Técnica Complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que a execución das instalacións se efectúa de acordo coas normas e requisitos** que se establecen no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, e as súas respectivas instrucións técnicas complementarias.

...

5.3 As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá esixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

...

5.5 De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, a declaración responsable **habilita por tempo indefinido** a empresa instaladora, **dende o momento da súa presentación** ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en **todo o territorio español, sen que poidan impoñerse requisitos ou condicións adicionais.**

5.6 Ao abeiro do previsto no apartado 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Administración competente poderá regular un procedemento para **comprobar a posteriori o declarado polo interesado.**

En todo caso, a **non presentación da declaración**, así como a **inexactitude, falsidade ou omisión**, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na devandita declaración habilitará á Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e logo de audiencia do interesado, pola que se declare a **imposibilidade de seguir exercendo a actividade** e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade sen prexuízo das **responsabilidades que puidesen derivarse das actuacións realizadas.**

5.7 Calquera feito que supoña **modificación dalgún dos datos** incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, **deberá ser comunicado** polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

A situación para as especialidades restantes é moi similar á que acabamos de revisar para baixa tensión.



Como presentamos unha declaración responsable?

Dende o 01/01/2012, é obrigatorio presentar as declaracións responsables indicadas a continuación de forma telemática a través da oficina virtual de industria. Toda a tramitación (presentación da declaración e pago da taxa) realízase vía web:

<http://oficinavirtualindustria.xunta.es/>

IN609A	Rexistro de empresas instaladoras de baixa tensión
IN609D	Rexistro de empresas instaladoras de gas
IN609E	Rexistro de empresas instaladoras ou mantedoras de instalacións térmicas nos edificios.
IN609F	Rexistro de empresas instaladoras de protección contra incendios
IN609G	Rexistro de empresas mantedoras de protección contra incendios
IN609H	Rexistro de empresas conservadoras de guindastres móbiles autopropulsadas
IN609I	Rexistro de empresas conservadoras de ascensores
IN609J	Rexistro de empresas instaladoras de guindastres torre
IN609L	Rexistro de empresas frigoristas
IN609M	Rexistro de empresas instaladoras ou reparadoras de equipos a presión
IN609P	Rexistro de empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos
IN609S	Rexistro de empresas conservadoras de guindastres torre
IN609T	Rexistro de empresas instaladoras de liñas de alta tensión

É moi importante ter claro que declaramos, baixo a nosa responsabilidade, que dispoñemos de todos os medios materiais e humanos que establece o regulamento que corresponda.

Dende o 27/11/2012, tamén é obrigatorio presentar as declaracións responsables indicadas a continuación de forma telemática a través da oficina virtual de industria:

IN609U	Rexistro de empresas recargadoras de botellas de equipamentos respiratorios autónomos.
IN609V	Rexistro de empresas inspectoras de botellas de equipos respiratorios autónomos
IN609W	Rexistro de empresas fabricantes dous pés de encravamento ou calquera outro elemento estrutural dun guindastre torre.
IN609X	Rexistro de empresas recargadoras de gases
IN609Y	Rexistro de Talleres de Reparación de vehículos automóbiles. Declaración responsable para talleres en réxime de establecemento.